



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de funcionaria interina no posto de educadora social, grupo A2

ANUNCIO

Por resolución núm. 1287 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 18 de xuño de 2025 resolveuse o seguinte, que en extracto di:

“Nomear a dona Estefanía Hernández García, con DNI núm. ***7327** como funcionaria interina educadora social, grupo A2 (código RPT: BS.3.2.02) ata que se cubra o posto polos procedementos legalmente establecidos ou por un período máximo de tres anos”.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 1 de xullo de 2025

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

(PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2025/4389